

Tres historias, tres premios literarios

Xavier Queipo, Anxo Fariña e Héctor Carré son as novas estrelas das letras galegas tras facerse cos Xerais

ANA BAENA. VIGO
abaena@atlantico.net

■ Xavier Queipo, Héctor Carré e Anxo Fariña despertaron onte sendo os novos distinguidos cos Premios Xerais nas súas candidaturas categorías novela, xuvenil e infantil.

A cerimonia deste sábado xa se ten convertida nun cita obrigada das letras galegas nun contorno inmemorable: a illa San Simón. Organizada pola editorial viguesa Edicións Xerais, a gala contou coa preseza do máis representativo da literatura de Galicia e do sector libreiro. A velada transcorreu con música de man de O Leo i Arremecághona e unha cea ao aire libre. Pasadas as 23 horas, un barco levou aos participantes ata Cesantes coa son das gaitas.

Xa cos galardóns nas súas casas e descansados trala troula, os tres autores valoraron este premio. ■




Anxo Fariña (Premio Merlín), Xavier Queipo (Xerais de novela) e Héctor Carré (Premio Caixa Galicia), en San Simón. S.E.

ENTREVISTA

Héctor Carré

Premio Fundación Caixa Galicia

ALBAIS
NOVA GALICIA I
DE LIT



Héctor Carré ergue a peza.

“Todo o que escribo é real, aínda que non ás personaxes, pasoulle a alguén”

■ Quecambiaofeito deterscibido o premio Xerais de literatura xuvenil?

Vívese igual de ben que cando me chamaron para comunicarme que me daban o galardón. Para a miña obra é como sinalarlle ao lector cando se publican moitas cousas. Gañou con “Febre”, situada na explotación do wolfrán en Galicia, realidade ou ficción?

Todo é real. Pode que non lle acontecera ás personaxes dos que escribo, pero pasoulle a alguén. De neno escoitaba historias secretas e fantásticas sobre o tema que a min soábanme a filmes do oeste. Era un mundo moi diferente ao meu. Documenteime en libros e xornais. E que me conta de Carmucha, a protagonista?

É un haadolescente que se rebela e simboliza a liberación da muller. É un xeito metafórico de tratar un tema social aínda pendiente. ■

ENTREVISTA

Xabier Queipo

Premio Xerais de Novela

“A viaxe dunha nave de tolos constitúe a personaxe central da novela”

■ Nado en Santiago de Compostela, reside 22 anos en Bruxelas como funcionario da Unión Europea. Adicou o día de onte a relaxarse e viaxar de volta a Bélxica, polo que a súa reacción corresponde as declaracións feitas a noite da gala.

Como recibiu a nova detersgañado o Xerais de novela?

Supuxo unha feliz confluencia coa edición de “Ártico 2.0”, a revisión do meu primeiro libro, o que supuxo 20 anos pasados de adicación constante, de persistencia na escrita e dalgún xeito de resistencia contra a ignomina.



Queipo co galardón recibido o sábado.

A gañadora “Extramunde” é unha novela de viaxe ou de aventuras?

É unha novela de aventuras, onde unha pléiade de personaxes alucinados embarcan nunha viaxe a bordo dunha nave de tolos, que no fin, constitúe a personaxe central da novela.

Cal é a orixinalidade desta obra?

É unha novela moderna na construción e na estrutura, que contén varias novelas nunha soa. ■

ENTREVISTA

Anxo Fariña

Premio Merlín de literatura infantil

“A miña inspiración naceu na pedra da Campá das illas Cíes”

■ Comose sintonha vez pasada a gala, despois de durmir e cando xa é oficial o seu premio Merlín?

Máis relaxado. A festa foi increíble e nun lugar maravilloso. Hoxe (por onte), o día é tranquilo. Recibín felicitacións dos amigos.

E que supón esta distinción?

Estou moi contento, pois aínda que teño máis obras publicadas, ésta era a primeira vez que me presenteí a un premio. Chega nun momento moi especial, pois a semana que ven sae a venta un novo libro “Os megatoxos e a cara oculta da lúa”.

Venceu na categoría máis



Anxo Fariña co seu premio.

complicada, a infantil, como consegue conectar cos máis cativos?

Parece que escribir para nenos é doado, pero é moi complicado. Eles non perdoan. Fixome como falan, como visten. Despois adapto as historias que non escribo só para lles gustar aos nenos.

Que lle inspirou “A chave da Atlántida”, o libro gañador?

Naceu na pedra da Campá das illas Cíes como porta a outros mundos. ■